

# EFEGA impartirá cursos de reanimación pediátrica no IES Sofía Casanova de Ferrol

50 estudantes de Técnico de Educación Infantil do instituto ferrolá, instruiranse en primeiros auxilios e reanimación pediátrica para completar a súa formación.



*Exteriores do IES Sofía Casanova de Ferrol*

12/04/10 O alumnado do centro de formación profesional Sofía Casanova de Ferrol, realizará como parte da súa formación, cursos de primeiros auxilios e reanimación pediátrica. Concretamente, serán alumnas do ciclo de Técnico de Educación Infantil que imparte o centro, as que complementarán a súa formación na atención á infancia con cursos de interese sanitario.

A dirección do centro de formación profesional ferrolá, encargou á Asociación Cultural EFEGA (Educación e Formación en Emerxencias Sanitarias de Galicia) o deseño dun curso que cubra as necesidades formativas en materia preventiva que pode precisar un profesional de atención a infancia.

O curso que leva o nome de “Curso de salvacorazóns e primeiros auxilios pediátricos con RCP” impartirase en dúas edicións para 22 alumnos e incluírán ademais de amplos coñecementos de primeiros auxilios pediátricos, un módulo específico de reanimación cardiopulmonar. Esta acción formativa conta co recoñecemento de interese sanitario da Consellería de Sanidade, o aval científico da Sociedade Española de Menciña de Urgencias e Emerxencias e a acreditación da American Heart Association.

Os interesados poden informarse a través da páxina web [www.efega.eu](http://www.efega.eu) ou no enderezo de correo [info@efega.eu](mailto:info@efega.eu).